

41.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 29 DE SETEMBRO DE 2016.

Alcalde en Funcións:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora Accidental:

D^a. MARIA DEL CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

Ausentes:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Non asisten D. Rafael Luís Cuiña Aparicio e D. Francisco Xavier Vilariño Taboada.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚMS. 39 E 40 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 19 DE SETEMBRO DE 2016 E 22 DE SETEMBRO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 39/2016 e 40/2016 das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 19 de setembro de 2016 e 22 de setembro de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.

2.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** PRESENTADA POR GAS GALICIA SDG, S.L. para acometida de gas

na rúa Trinta, núm. 5-Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 08/08/16; e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 19/09/16 por importe de de 6,84 euros en concepto de ICIO.

2.2.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PRESENTADA POR GAS GALICIA SDG, S.L. para acometida de gas na rúa da Ponte, núm. 5-Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 31/08/16; e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 19/09/16 por importe de de 40,28 euros en concepto de ICIO.

3.- INFORMES URBANÍSTICOS.

3.1.- Acordouse aprobar o informe emitido polo enxeñeiro técnico municipal de data 20 de setembro de 2016, examinada a petición formulada por interesado na que solicita certificado de non ter traída municipal de auga en Galegos, 2-Lalín.

3.2.- Acordouse comunicar ao interesado que solicitou informe municipal que expresase que era propiedade privada un terreo sito en Devesa de Abaixo-Losón-Lalín, **que non pode ser emitido tal informe municipal** que exprese que o terreo é propiedade privada.

4.- EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE.

4.1.- Acordouse ordenar a suspensión inmediata da actividade e iniciar expediente de reposición da legalidade respecto de actividade de industria de procesado de tripas no polígono industrial de botos, 11 – Lalín.

5.- PRAZAS PARKING.

5.1.- Acordouse a concesión das prazas de aparcamento números 25 e 27, en cumprimento do establecido na Ordenanza reguladora do prezo público polo servizo de aparcamento no Parking Aldea Grande, e dar de baixa a praza concedida co número 164.

6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

6.1.- Acordouse adxudicar o contrato de obras denominado “REHABILITACIÓN, SANEAMENTO E REFORZO DO FIRME DA RONDA NORTE-ESTE (LALÍN)–PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2016) LIÑA 1” á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS,

S.A. por un importe de 253.004,00 € máis a partida de 53.130,84 euros, correspondente ao IVE, resultando un importe total de 306.134,84 euros e unhas melloras consistentes en destinar o 5% sobre o Orzamento de Execución Material ao Control de Calidade.

6.2.- Acordouse prorrogar de mutuo acordo coa empresa contratista PROQUIDEZA S.L. o contrato administrativo denominado “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS QUÍMICOS PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS. Esta prórroga estableceuse dous anos máis cos mesmos condicionantes, e en consecuencia rematará o 9 de outubro de 2018 .

7.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

7.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 1 “MELLORA DO ESPAZO MEDIOAMBIENTAL RÍO PONTIÑAS” presentada pola entidade NAROM, S.L, redactada polo Arquitecto Técnico Director das obras cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de 5.166,54 €.

8.- EXPEDIENTE DE BENS E DEREITOS.

8.1.- Acordouse inscribir no Inventario de Bens Municipal do Concello de Lalín o edificio do Centro Social de Moneixas como ben urbano.

8.2.- Acordouse inscribir no Inventario de Bens Municipal do Concello de Lalín o ben inmovible con referencia catastral 36024A14509002 0000BY, polígono 145, paraxe PISTA COSTA VIEIRO-LALÍN (PONTEVEDRA) como vía pública.

8.3.- Acordouse inscribir no Inventario de Bens Municipal do Concello de Lalín o ben inmovible con referencia catastral 36024A07509002 0000AX, polígono 075, parcela 09002, paraxe PISTA DO ESPÍÑO-LALÍN (PONTEVEDRA) como vía pública.

9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse aprobar as contas xustificativas presentadas polos beneficiarios das Bases reguladoras da concesión de subvencións para a celebración de festas parroquiais para o ano 2016.

9.2.- Acordouse a baixa voluntaria dunha persoa beneficiaria por traslado a casa dun familiar, así como a **ampliación horaria** dun usuario por agravamento da saúde, en virtude dos datos que consta no expediente SIGAD/SIUSS.

9.3.- Acordouse a **renovación da tarxeta de acceso para residentes** na rúa Colón por estar caducada dende o día 18 de agosto de 2016.

9.4.- Acordouse **traspasar o importe de 872,64 €**, correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva pola Deputación de Pontevedra das cantidades adeudadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

10.1.- Concedeuse **autorización municipal** para o uso do salón de actos da UNED para a celebración de xornadas formativas o día 4 de novembro de 2016.

10.2.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso do museo municipal Ramón María Aller Ulloa para os días 18 ao 21 de outubro de 2016, en horario de 20:30 a 21: 30 horas para un ciclo de conferencias sobre a figura de D. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

10.3.- Concedeuse **autorización municipal para** a cesión do salón de entrada do propio Concello e préstamo de 25 mesas e 150 cadeiras para o sábado día 22 de outubro de 2016, para poder organizar o Iº Torneo de Xadrez por equipos de Galicia central.

10.4.- Concedeuse **autorización municipal** para a realización de actividades lúdicas en espazos públicos de Lalín, o venres día 30 de setembro de 2016 “*Volta o Cole*”, coa realización dun sorteo presencial na Praza de Igrexa ás 20:00 horas e colocación dun inchable para nenos na Praza da Igrexa de 17:00 ás 20:00 horas.
